



# IES REGO DE TRABE

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## **1. Introdución**

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## **2. Situación de partida**

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## **3. Plan de Acción**

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## **4. Avaliación do PD**

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## **5. Difusión do PD**

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

NOME: IES Rego de Trabe

CÓDIGO: 15032935

DIRECCIÓN: Avda de Rutis, s/n, Culleredo.

SITIO WEB: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesregodetrabe/>

DIRECCIÓN DE CORREO ELECTRÓNICO: [ies.regodetrabe@edu.xunta.gal](mailto:ies.regodetrabe@edu.xunta.gal).

NÚMERO DE DOCENTES: 64

NÚMERO DE ALUMNOS E ALUMNAS: 684

ETAPAS EDUCATIVAS:

- ESO,
- Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía (LOM-LOE, en 1º de Bacharelato)
- Bacharelato de Ciencias (LOMCE, en 2º de Bacharelato)
- Bacharelato de Ciencias Sociais e Humanidades (LOM-LOE, en 1º de Bacharelato E LOMCE, en 2º de Bacharelato),
- ESA (módulos 3 e 4)

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

#### A) Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro

O IES Rego de Trabe atópase en Culleredo, concello que pertence á área metropolitana da Coruña, fortemente influido pola súa proximidade a esta cidade, o que provoca que as parroquias limítrofes con ela (Rutis –onde está localizado o IES Rego de Trabe-, O Burgo) estean moi urbanizadas, aportando o maior número de habitantes ao total da poboación municipal.

Estas parroquias están na súa maior parte habitadas por xente nova que desenvolve as súas actividades profesionais na cidade ou nos polígonos industriais das aforas.

Sen embargo, as outras parroquias (Almeiras, Culleredo) son semirurais e a poboación está integrada por personas de maior idade que, en moitos máis casos, está adicada ao sector primario.

*Atendemos polo tanto a unha poboación maioritariamente de nivel socioeconómico medio, con nivel de estudos medio ou universitario, aunque non podemos esquecer unha menor porcentaxe de familias de baixo poder adquisitivo, en ocasións vencellado a un nivel de estudos inferior, o que pode de ser determinante á hora ofrecer recursos e apoiar aos fillos e fillas na súa evolución académica. Este feito tradúcese nunha brecha dixital que debemos tratar de eliminar dende o centro educativo.*

#### B) Incardinación e contribución ao Proxecto Educativo.

O Plan Dixital foi deseñado para dar resposta a necesidades do centro, de acordo co noso Proxecto Educativo. Neste sentido, é oportuno destacar a evolución no emprego de ferramentas dixitais nos seguintes ámbitos:

- Centro E-Dixgal dende o ano académico 2019-2020 para 1º de ESO e dende o 2020-2021 para 2º de ESO.
- Centro Maker dende o 2019-2020.
- Utilización da aplicación AbalarMobil para comunicación coas familias e entre o profesorado do centro.
- Utilización da aula virtual Moodle na case totalidade das materias dende o 2019-2020.
- Sitio web permanentemente actualizado.

Por outra banda, é de destacar a promoción de materias baseadas nas tecnoloxías da información e da comunicación e o interese que espertan no noso alumnado, así como o emprego de ferramentas TIC en todas as materias do currículo.

Finalmente, é crecente a participación de profesorado e alumnado do centro en proxectos de innovación educativa e fomento das STEM, como son:

- Contratos programa no ámbito de EduInnova.
- O programa internacional de robótica e investigación First Lego League, que fomenta a aprendizaxe práctica das STEM.
- O concurso internacional da Axencia Espacial Europea CanSat.
- O proxecto Talentos Inclusivos, desenvolvido desde o CITIC, a UDC e ASPACE, promovido pola FECYT, para espertar vocacións STEM mediante o deseño e a elaboración de obxectos tecnolóxicos destinados a facilitar aspectos da vida cotiá de persoas afectadas por parálise cerebral.
- Feiras de ciencia e tecnoloxía organizadas tanto no propio concello como en concellos da contorna, como o Cullerciencia, en Culleredo, ou o Día da Ciencia na Rúa, na Coruña.

## A) CONTRIBUCIÓN DO PLAN DIXITAL Á PXA DO ANO ACADÉMICO 2022-23

A integración do Plan Dixital á PXA do curso 2022-23 estará baseada nos seguintes aspectos: coñecemento e difusión do Plan para o profesorado do centro, posta en marcha das iniciativas recollidas nel (tanto a nivel de dotación como de formación), revisión, avaliación e análise do Plan nos prazos establecidos.

Por outra banda, a contribución deste plan á PXA será promover a mellora da competencia dixital do profesorado e do alumnado, incrementar o rendemento do uso das TIC no desenvolvemento do currículo e optimizar os recursos dixitais do centro.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

### 1.4. Proceso de elaboración

A organización e o proceso de elaboración do Plan Dixital do noso centro correu a cargo do Equipo de Dinamización do Plan Dixital, integrado por:

- D<sup>a</sup> María Mónica Fraga Rodríguez (directora do centro e coordinadora do equipo de dinamización do plan dixital)
- D<sup>a</sup> Ana Rey Sierra (coordinadora E-Dixgal)
- D Roberto Prado Espiñeira (secretario do centro)
- D<sup>a</sup> Beatriz Méndez Mareque (coordinadora TIC)

Para a organización e centralización de información e resultados, accesibles ao claustro, créase o curso virtual Moodle “Plan Dixital” e unha carpeta compartida de Google Drive onde traballar colaborativamente os membros do Equipo de Dinamización do Plan Dixital (en adiante EDPD).

No curso virtual diseñáronse contidos para organizar a elaboración das enquisas do SELFIE tanto para o profesorado como para o alumnado, estes últimos guiados polo profesorado titor.

O EDPD) constitúe tamén un grupo de traballo dentro do Plan de Formación Permanente do Profesorado, realizando as reunións precisas tanto para a preparación da información aos colectivos implicados como para a recollida e análise de resultados.

Tanto os resultados como as propostas de actuación vanse trasladando ao claustro para a súa información e feedback. A proposta final, este documento, pasará por un proceso de comunicación/modificación ao claustro previo á súa aprobación polo Consello Escolar.

## 2. Situación de partida

### Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Cabe comezar explicando que o IES Rego de Trabe está integrado por dous edificios independentes entre si, ubicados en diferentes recintos separados entre si por unha rúa de acceso ao complexo deportivo veciño, o que implica tempo e risco para desprazarse de un a outro, así como dificultades para compartir recursos. Nun dos edificios, denominado As Mariñas, impártese o Bacharelato e a ESA, e no outro, o edificio principal do Centro, a ESO. Neste último albérgase tamén o servizo de administración e despachos do equipo directivo.

Dito isto, a infraestrutura dixital do centro está formada por unha conectividade a internet de 1 Gb/s e conexións cableadas en todas as dependencias docentes do centro.

Temos á nosa disposición o seguinte equipamento:

<b>EDIFICIO PRINCIPAL</b>		
CATEGORÍAS	UNIDADES	OBSERVACIÓNS
AULAS DIXITALIZADAS	11	Equipo do docente: ordenador e PDI
PROXECTO E-DIXGAL	10	Ultraportátiles do alumnado, ordenador do docente e PDI
EQUIPOS DE XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN	8	Os equipos dos membros do equipo directivo son portátiles
SÁ DO PROFESORADO	2	Equipos de sobremesa
BIBLIOTECA	4	2 dos equipos son para uso do alumnado; inclúese proxector e pantalla
DEPARTAMENTOS	3	Só tres departamentos teñen portátil propiedade do centro.
AULA DE INFORMÁTICA	27	Un Para uso docente. Dotada de PDI
AULA DE TECNOLOXÍA	3	2 equipos son para uso do alumnado; hai tamén PDI

AULA DE MÚSICA	1	Dotada con portátil para uso do docente e PDI
AULAS DE DEBUXO	1	Dotada con portátil para uso do docente e PDI
DOTACIÓN ESPECÍFICOS	25	Portátiles E-Dixgal para uso dos docentes, en calidade de empréstito
EMPRÉSTITO DO CFR	14	portátiles
EMPRÉSTITO DO CFR	4	IPads
EMPRÉSTITO DO CFR	1	Dron

<b>EDIFICIO AS MARIÑAS</b>		
CATEGORÍAS	UNIDADES	OBSERVACIÓNS
AULAS DIXITALIZADAS	15	Equipo do docente: ordenador e PDI
SÁ DO PROFESORADO	2	EQUIPOS DE SOBREMESA
SÁ DE USOS MÚLTIPLOS	8	7 dos equipos son para uso do alumnado; inclúese proxector e pantalla
AULA DE INFORMÁTICA	27	Un para uso docente. Dotada de PDI

Os servizos dixitais educativos empregados no centro para a xestión docente son os seguintes:

- Páxina web para a información xeral, difusión de actividades realizadas, aloxamento de documentos de xestión para o profesorado e familias,
- Aula virtual Moodle organizada por departamentos e materias, empregada en maior ou menor medida, dende aloxamento de recursos ata a completa xestión do ensino-aprendizaxe na que o alumnado está ao día da súa aprendizaxe e avaliación.
- E-Dixgal en 1º e 2º de ESO
- Abalar móbil para a publicación dos boletíns de notas, comunicación profesorado e centro coas familias, petición de reunións de titoría, petición de informes de titoría do titor ao profesorado, ...
- Correo corporativo. Emprego como comunicación interna entre o profesorado, entre o profesorado e o centro.
- XADE. Todo o claustro emprega a aplicación para a xestión administrativa segundo os seus permisos.
- Webex para videoconferencia. Entre o profesorado e entre o profesorado e as familias ou co alumnado
- Unha conta de Google que permite o aloxamento de ficheiros de uso común e o traballo colaborativo en Drive, dada a inexistencia dunha ferramenta corporativa semellante.

- O mantemento do equipamento do centro centralízase na Secretaria contando coa colaboración da coordinadora E-Dixgal, da coordinadora TIC e da Dinamizadora do Plan Dixital. Para as intervencións máis específicas acúdese á UAC ou a unha empresa de mantemento informático, segundo o tipo de incidencia.
- Non contamos cun protocolo de continxencia TIC como tal, todas as incidencias se poden comunicar a través dun formulario con acceso na páxina web do centro.

## 2.1. Fontes empregadas para a análise DAFO

**Autoavaliación SELFIE:** Véxase a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
<b>A -Liderado</b>	Equipo Direct.		3			
	Profesorado		3,3	3,3		
	Alumnado					
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.		3			
	Profesorado		3,1	3		
	Alumnado		2,2	2,3		
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.		3,2			
	Profesorado		3,3	3		
	Alumnado		3	2,5		
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.		3,5			
	Profesorado		3,5	3,6		
	Alumnado					
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.		3,9			
	Profesorado		4,1	4,2		
	Alumnado		3,6	3,6		
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.		3,1			
	Profesorado		3,5	3,7		
	Alumnado		2,8	2,5		
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.		2,9			
	Profesorado		3,1	3		
	Alumnado		2,5	2,2		
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.		3,4			
	Profesorado		3,5	3,5		
	Alumnado		2,8	2,6		

*NOTA: O equipo directivo non cubriu o SELFIE para o caso do Bacharelato.*

**Test CDD:** Información recollida do informe grupal do Test CDD de centro.

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	27	21	52,90%
<b>PROVISIONAL</b>	1	2	50,00%



<b>INTERINO</b>	8	8	100,00%
<b>SUBSTITUTO</b>	6	12	50,00%
<b>DESPRAZADO</b>	0	0	0

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
84,4	Integradora (B1)	76,4	Integradora (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>ESO</b>	80,6	Integradora (B1)	79,2	Integradora (B1)
<b>BAC</b>	93,7	Integradora (B1)	77,9	Integradora (B1)
<b>ESA</b>	69	Integradora (B1)	75,9	Integradora (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	1	2,40%
<b>A2</b>	13	31,00%
<b>B1</b>	17	40,50%
<b>B2</b>	5	11,90%
<b>C1</b>	4	9,50%
<b>C2</b>	2	4,80%
<b>TOTAL</b>	42	100,10%

## 2.2. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	Dispoñemos de dúas redes wifi: Abalar e eduxunta. Temos contratado un servizo de apoio técnico externo.	
	<b>PERSONAL DOCENTE</b>	O equipo directivo debate co profesorado acerca das necesidades de DPC (D1) e apoia ao profesorado para que probe novas formas de E-A con tecnoloxías dixitais (A3) Empregamos recursos educativos abertos (E5)	O profesorado non emprega tecnoloxías dixitais para que o alumnado realice coavaliación nin autoavaliación, nin tampouco para avaliar as capacidades do alumnado (G1, G5, G6) O profesorado non emprega a tecnoloxía dixital para facilitar retroalimentación axeitada ao alumnado. O profesorado non é capaz de resolver problemas técnicos que xorden no uso da tecnoloxía dixital.

		Non empregamos a tecnoloxía dixital para avaliar os progresos en materia de E-A. Non se fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares. Empregamos escasamente a tecnoloxía dixital para fomentar a creatividade do alumnado. (F3) A miúdo empregamos os contornos virtuais de aprendizaxe como repositorios de contidos.
<b>PERSONAL NON DOCENTE</b>	Emprega as tecnoloxías dixitais para axilizar o intercambio de información co centro	
<b>ALUMNADO</b>	Aprende a crear contidos dixitais (H7) O alumnado de 1º e 2º de ESO dispón de equipos dixitais, así como de infraestrutura dixital (C1,C2,C8)	O alumnado de 3º e 4º de ESO e de Bacharelato non dispón de acceso a internet nin de equipos dixitais suficientes (C3, C8) Non aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable (H4) O alumnado emprega escasamente tecnoloxía dixital para traballo colaborativo (F5) Aprende escasamente a dar creto ao traballo doutras persoas que atopou en internet (H6)
<b>FAMILIAS</b>	Empregan as tecnoloxías dixitais para axilizar o intercambio de información co centro.	
<b>OFERTA</b>	Ofértanse en 1º e 2º de ESO materias relacionadas coa tecnoloxía dixital	
<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	Empregamos tecnoloxía dixital para comunicación relativa ao centro educativo e coa comunidade educativa (E4)	Deslocalización xurdida polo feito de ter dous edificios independentes, con dúas redes de internet diferentes, que non permite traballar na mesma rede local (C14)

<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	Aposta da Administración por dixitalizar os centros. Oferta de formación continua do profesorado. Dispoñemos de equipos cedidos polo CFR como empréstito.	Ratios elevadas. Exceso de plataformas non interconectadas entre si (Abalar, correo electrónico, XADE,...) Conexión a internet lenta ou pouco fiable. Apoio técnico limitado e non presencial
	<b>LEXISLACIÓN</b>		Cambios moi frecuentes na lexislación
	<b>CONTORNA</b>	Intercambio de experiencias con outras institucións e outros centros da contorna (E3)	
	<b>ANPA</b>		Escasa participación das familias
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		Non hai colaboración con entidades locais.

## Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción terá en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

### **2.3. Obxectivos, indicadores e accións**

Partindo da análise DAFO realizada establecemos áreas prioritarias de mellora, determinando en cada unha delas os obxectivos específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal que queremos conseguir. Estes obxectivos están contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg. Obtemos así un plan de acción que definimos nas seguintes táboas, onde aparecen reflexadas todas as variantes que interveñen para a consecución de cada obxectivo, dende as accións secuenciadas e temporizadas, pasando polos responsables da súa execución e os recursos necesarios, ata os indicadores de logro, a fin de ter un marco que permita comprobar o grao de consecución dos mesmos.

Para cada obxectivo cumprimentamos unha táboa que recolle esta información, e que se presentan no punto 3.3. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

### **2.4. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas**

Ao longo da análise da situación dixital actual do IES Rego de Trabe detectamos necesidades de equipamento, que se citan a continuación:

- 4 equipos para uso na sala de profesorado do edificio principal do Centro.
- 10 equipos para uso de departamentos didácticos.
- Equipos ultraportátiles para aula móbil para 3º e 4º de ESO, que teñan conexión á rede Abalar (con posibilidade de desprazamento a diferentes espazos).
- Equipos ultraportátiles para aula móbil para 1º e 2º de Bacharelato, que teñan conexión á rede Abalar (con posibilidade de desprazamento a diferentes espazos).
- 1 ordenador portátil para renovar o que actualmente ten un alumno de 1º de Bacharelato con discapacidade motora severa.

## Obxectivos do Plan de Acción

Área/s de mellora: Pedagogía: implementación na aula (F)					
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	DESEÑAR PROXECTOS INTERDISCIPLINARES E FOMENTAR O TRABALLO COLABORATIVO DO ALUMNADO (E6)			<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Grupo de traballo			<b>acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de proxectos interdisciplinares desenvolvidos por un grupo de alumnado				
<b>Valor de partida: (3)</b>	0				
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	6		30 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
<b>AO1.1: Creación dun grupo de traballo</b>	Xefa de estudos, directora e claustro	15 de xullo de 2022	Reunións co claustro e CCP		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO1.2: Deseñar un proxecto por nivel para a primeira avaliación da materia PC para 1º e 3º de ESO</b>	Grupo de traballo	15 de setembro de 2022	Grupo de traballo, recursos materiais dos polos creativos		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO1.3: Desenvolver o proxecto</b>	Grupo de traballo e alumnado	15 de decembro de 2022	Grupo de traballo, alumnado, recursos materiais dos polos creativos		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO1.4: Deseñar un proxecto por</b>	Grupo de traballo	15 de xaneiro 2023	Grupo de traballo, recursos		<b>Realizada</b>

<b>nivel para a segunda avaliación da materia PC para 1º e 3º de ESO</b>			materiais dos polos creativos		<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A01.5: Desenvolver o proxecto</b>	Grupo de traballo e alumnado	15 de marzo de 2023	Grupo de traballo, alumnado, recursos materiais dos polos creativos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A01.6:Deseñar un proxecto por nivel para a terceira avaliación da materia PC para 1º e 3º de ESO</b>	Grupo de traballo	15 de marzo de 2023	Grupo de traballo, recursos materiais dos polos creativos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
<b>A01.7: Desenvolver o proxecto</b>	Grupo de traballo e alumnado	15 de xuño de 2023	Grupo de traballo, alumnado, recursos materiais dos polos creativos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>Área/s de mellora: Infraestruturas e Equipos (C)</b>						
<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	Reducir o número de incidencias TIC derivadas ao servizo externo de mantemento dos equipos. (C5)			<b>Acadado</b>		
<b>Responsable:</b>	Coordinadores TIC			<b>acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	% de redución de incidencias TIC comunicadas aos responsables de mantemento de equipos TIC por trimestre.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	50					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	30		xuño de 2023			
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO2.1:</b> Elaboración dun manual no que se amosen os pasos a seguir para solucionar problemas técnicos habituais	Coordinadores TIC	30 de outubro de 2022	equipo informático		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO2.2:</b> Difusión do manual entre o profesorado	Coordinadores TIC	30 de novembro de 2022	reunión do claustro, sitio web, aula virtual, papel e impresora		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO2.3:</b> Avaliación do manual	Claustro do profesorado	30 de marzo de 2023	enquisa, reunión do claustro, correo electrónico.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	

					<b>Pendente</b>	
<b>A02.4: Revisión do manual en función dos datos recollidos na enquisa</b>	Coordinadores TIC	30 de xuño de 2023	equipo informático		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>Área/s de mellora: Prácticas de avaliación (G)</b>						
<b>OBXECTIVO 3: (1)</b>	Empregar tecnoloxías dixitais para a avaliación das capacidades do alumnado e retroalimentación (G1)				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Grupo de traballo				<b>acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de docentes que se empregan tecnoloxías dixitais para a avaliación das capacidades do alumnado					
<b>Valor de partida: (3)</b>	10					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	30			30 de xuño de 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
AO3.1: Creación dun grupo de traballo	Equipo directivo	30 de setembro de 2022	Reunión do claustro		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO3.2:PFPP liña integración didáctica das TIC	Grupo de traballo	01/04/23	Aula virtual, equipo informático, CFR		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO3.3:Elaboración de cursos virtuais en Moodle nos que se inclúan actividades a avaliar no propio curso	Grupo de traballo	01/04/23	Aula virtual, equipo informático, programacións didácticas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO3.4:Presentación de cada curso virtual aos grupos de alumnado aos que vaia dirixido	Profesorado e alumnado	Ao longo de todo o curso	Aula virtual, equipo informático, grupo de alumnado		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	



						Pendente
--	--	--	--	--	--	----------

<b>Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)</b>							
<b>OBXECTIVO 4: (1)</b>	Deseñar e desenvolver contidos relacionados co uso responsable da tecnoloxía dixital, a pegada e a reputación dixital. (H1, H3)					<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo e grupo de traballo					<b>acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Redución do número anual de incidencias relacionadas con mal uso das tecnoloxías dixitais (redes sociais, grupos de chat,...) nos niveis de 1º e 2º de ESO						
<b>Valor de partida: (3)</b>	30						
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	10				15 de xuño 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>							
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>			
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>		
<b>AO4.1:Elaborar un curso na aula virtual para traballar o uso responsable das redes sociais e dos grupos de WhatasApp</b>	Departamento de Orientación e docentes titores	15/12/22	PAT, material audiovisual, PFPP, aula virtual		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
<b>AO4.2:Desenvolver ese material en sesións de titoría (3 sesións por trimestre para 1º e 2º de ESO)</b>	Profesorado titor	15/06/23	Curso virtual, grupos de alumnado.		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
<b>AO4.3:Organizar unha xornada impartidas por parte de profesionais especialistas</b>	Departamento de Orientación	15/03/23	Concello e Garda Civil de Culleredo.		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		



A05.4:Dar difusión aos obxectos creados.	Alumnado participante	15/06/23	Redes sociais do centro, sitio web, espazos comúns do centro.		Realizada Aprazada Pendente	
--	-----------------------	----------	---	--	-----------------------------------	--

### **NOTAS:**

**(1) OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Estes obxectivos serán:

- a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

**(2) INDICADOR:** Permitirán **avaliar** a consecución ou non dos obxectivos.

**(3) VALOR de PARTIDA:** Valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

**(4) VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

### **ACCÍONS A DESENVOLVER:**

**(5) DESCRICIÓN:** Accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

**(6) RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.

**(7) DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.

**(8) RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

**(9) VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

**(10) ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

## Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos realizarase tendo en conta as seguintes consideracións:

- Realizarase unha **avaliación procesual**, nas datas reflectidas nas distintas descrições das accións, como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- Antes do 30 de xuño realizarase unha **avaliación final** que incluírá, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.
- Toda a información acadada nas revisións trimestrais e anual serán incorporadas, ao remate de cada curso, ao Plan Dixital, así coma as novidades legislativas e as dotacións e plans de acción correspondentes, para enriquecer o Plan e facer del un documento vivo, flexible e dinámico.

## 3. Difusión do plan

A difusión do Plan Dixital será en varias etapas:

- Presentación do Plan Dixital ao Claustro de Profesorado: Enviado ao profesorado para a súa consulta e posibles aportacións, e presentado no Claustro ordinario con data 29 de xuño de 2022.
- Presentación e aprobación do Plan Dixital no Consello Escolar no Consello Escolar ordinario con data 30 de xuño de 2022.
- Comunicación ás familias. Unha vez aprobado será aloxado ao sitio web do centro, no bloque Documentos de Centro. Notificarase ás familias a través da aplicación AbalarMóbil.
- No curso virtual “Plan Dixital”, accesible ao claustro, se atopará unha copia e a súa versión editable para ir completando a avaliación procesual.